UNIDADE 6.- A CULTURA COMA ORDE SIMBÓLICA

1.- A cultura como acción simbólica

1.2.- Os relatos

2.- A relixión

2.1.- Proceso de sacralización: o sagrado e o profano

2.2.- Algunhas formas do relixioso:

1.- Animismo

2.- Maná e tabú

3.- Maxia e relixión

4.- A relixión e os grandes estados

2.3.- Funcións da relixión

2.4.- Outras funcións derivadas da institucionalización

2.5.- O mito

2.6.- O rito

2.7.- Desacralización

2.8.- Formas relixiosas actuais: a música, o deporte, o culto ao corpo

1.- A CULTURA COMA ACCIÓN SIMBÓLICA

Coma viches nos temas anteriores en relación ao termo de cultura hai unha serie de aspectos sobre os que na Antropoloxía e en xeral no mundo científico, hai un amplo consenso: en primeiro lugar a cultura non é un asunto de xenes, senón que se aprende. Ademais as culturas humanas avanzan, cambian, ou sexa, son históricas. Se sumamos o conxunto dos saberes humanos completamos o mapa da cultura humana universal. Neste conxunto de artificios creados polos seres humanos hai acumulación (unhas xeracións aprenden de outras).

En terceiro lugar, e disto nos ocuparemos neste tema, a cultura é unha cuestión de ideas e valores, un molde mental colectivo. As ideas e os valores, a cosmoloxía, a moralidade, a estética… exprésanse mediante símbolos e polo

tanto pódese describir a cultura coma un sistema simbólico. A cultura carga a vida cotiá de sentidos, de significados, é dicir, de direccións e intencionalidades, de valores e de organizacións. A función que cumpre este papel é denominada función simbólica, en sentido moi amplo.

Dende o momento en que un neno/a nace, vese bombardeado por ideas, valores, normas, bens materiais, unha estructura social e todas aquelas cousas que constitúen a cultura da sociedade na que nace. Xa temos visto como este bombardeo ou endoculturación, é máis intenso durante os primeiros anos e vida, pero en realidade non cesa nunca porque os adultos continúan aprendendo novos status e roles durante toda a vida.

Isto crea unha perspectiva particular, que é compartida por todo o grupo. Esta visión ou concepción do mundo é ao mesmo tempo unha perspectiva compartida sempre en cambio pola acción dos axentes da cultura, por nós.

Para ver a cultura como xogo de símbolos e de sentidos a antropoloxía adopta o punto de vista dunha ciencia interpretativa á busca de significacións. O antropólogo Gertz poñíanos o seguinte exemplo para comprendermos qué significa buscar significacións:

Imaxina dúas persoas. Unha ten un tic nervioso que lle fai pechar o ollo dereito a cada pouco. Outra chisca un ollo a un amigo que ve na distancia. Dende fóra as dúas fan o mesmo: baixan a súa pálpebra dereita durante un instante. Sen embargo un chisco non ten nada que ver cun tic. A segunda persoa está a facer un acto cargado de significados, estase a comunicar co seu amigo, e tamén, seguramente, con outros, sen que el se decate, que estarán a ver o seu xesto e a atribuírlle significados. Aínda máis, podería chegar unha terceira persoa que imite á segunda e faga un chisco esaxerado tentando a burla, xa temos un novo conxunto de significados. En realidade a complexidade de significados non ten fin.

A diferencia entre o tic nervioso e o chisco, todo o que significa, o chisco, iso é a cultura. A mesma cantidade de significados podemos atribuír a calquera outro comportamento, aos costumes de todo tipo, ás normas de alimentación, ou aos obxectos materiais da nosa cultura.

Dende esta perspectiva a cultura non é exactamente un conxunto de ideas nin moito menos de cousas naturais. É un conxunto de significados para a xente. A cultura é pública, contén ideas, é verdade (por exemplo: cun chisco mostras solidariedade co teu amigo), pero esas ideas non están na cabeza de alguén, non son algo persoal. Dende logo que a cultura non é algo físico pero

tampouco é unha entidade oculta. A cultura como significados non é algo nin obxectivo (externo aos individuos), nin subxectivo (interno, persoal e que non compartamos). A palabra que se utiliza é simbólica: a cultura vista como conxunto de significados é acción simbólica. E para aprender a través das culturas hai que preguntarse polo sentido das accións, polo seu valor, polo que cada acción (un chisco) expresa coa súa aparición e polo seu intermedio. Que expresaches ti a última vez que chiscaques un ollo?.

A cultura é un contexto dentro do cal poden describirse os fenómenos de forma intelixible e comprensible (unha forma de relación social, unha pauta económica, un aspecto da organización social, unha crenza... comprendémolos dentro de tal cultura). É o espacio no que os individuos poñemos en xogo os símbolos que manexamos culturalmente.

Hai certos aspectos da cultura que son bo observatorio da conducta simbólica pola potencia e a extensión dos símbolos que crean. Non é que só se manifeste neles esta capacidade, non, é que a Antropoloxía Cultural pensou neles máis a miúdo e dende hai máis tempo. Estes son a arte, a relixión, os xéneros retóricos. A modo de exemplo imos facer mención aos últimos en primeiro lugar. A continuación nos centraremos na relixión, ou nalgúns aspectos dela, dado que este ten sido e segue a ser un intenso campo de traballo para a antropoloxía cultural.

1.2.- OS RELATOS

Contos, lendas, provervios, chistes, ... As culturas están encapsuladas en narracións. Nos pobos sen escritura estes transmítense oralmente como sigue a acontecer con moitos contos, lendas, refráns ou chistes que contemos nas nosa memoria. Coa invención da escritura, arredor do 3000 aC comezamos a escribir estas narracións. O invento da imprenta fixo que moitas máis persoas comezaran a ler as historias escritas. Hoxe os contadores de historias son máis ben a televisión e o cine que as prazas e as conversas familiares ou veciñais nas tardes de inverno. Ademais incorporamos outra rareza: o copyright. As novelas, as películas, os contos, son legalmente propiedade persoal do seu autor. Unha rareza porque ata o capitalismo as historias que se contaban eran propiedade da cultura na que se produciran.
Entre todos os relatos hai uns de simboloxía especialmente rica, os mitos, deles nos ocuparemos noutro lugar deste tema. Sen embargo todos eles están

cargados de valores, de principios, de cousas que son importantes coñecer nas culturas que os producen e os relatan.

As formas máis importante do relato son:

- Os contos: que falan das aventuras de personaxes que superan obstáculos ou que viven experiencias memorables. Os contos tenden a ter mensaxes que reforzan as convicciónns culturais. Os contos populares xogan os temas e tensións elementais, de xeito que son a un tempo entretidos e instructivos. Os contos foron representados dalgún xeito, cando se escriben perden este valor dunha audiencia que participa.

- As lendas: tratan de importantes figuras do pasado e as súas fazañas. As lendas son os relatos que se contan coma se fosen certas, fronte aos contos (que acontecen en lugares moi lonxanos, hai moito tempo....) É probable que se conte unha mesma lenda sobre moitos personaxes e en moitos lugares e épocas: a historia segue a ser a mesma pero cambian as personaxes.

- Os pequenos textos ou aforismos como proverbios, adiviñas, máximas, chistes ... historias moi curtas que proporcionan resumos do coñecemento sobre a propia cultura. Nos refráns condénsanse valores e formas que a cultura debe poñer en acción para conseguir prosperidade, benestar, ... En xeral todos eses textos son educativos e fonte de diversión e pracer, en realidade, parte da súa eficacia coma medio educativo, está no uso do humor.

2.- RELIXIÓN.

2.1.- PROCESO DE SACRALIZACIÓN. O SAGRADO E O PROFANO

A relixión consiste en crenzas e comportamentos relacionados con seres, poderes e forzas aos que se outorga un carácter sobrenatural (isto é, que están máis aló das forzas da natureza e das nosas propias forzas). O feito de converter algo en relixioso consiste en atribuírlle calidades especiais, propiedades que non pertencen ás cousas ou seres ordinarios e correntes, atributos extraordinarios. A este proceso denomínaselle proceso de sacralización.

A presencia do sagrado provoca respecto e medo, Lowie explicouno en termos de “asombro e temor”: aquelo ante o que nos mostramos así é o relixioso. Tamén esta era a opinión do antropólogo do XIX Frazer que considerou que estabamos en presencia dun fenómeno relixioso cando a xente nos enfrontabamos a algo con humildade e con actitude de súplica. Se ante

unha situación pensamos que controlamos os acontecementos, que temos como intervir nos feitos, a actitude é non relixiosa. Igualmente Durkheim (principios do XX) considerou que o sagrado ou relixioso oponse en todas as sociedades ao ordinario ou profano. É relixioso o que rompe co ritmo dos acontecementos.

Para relacionarse con esta outra esfera, co sobrenatural e poderoso, hai diversos mecanismos, xa que hai que tentar chamar a atención do poderoso e transmitirlle información ou solicitárllela. Para isto utilízanse os ritos que son comportamentos estereotipados, formais, con estructura estable. A mensaxe que se transmite ao descoñecido prodúcese a través de oracións, invocacións, sacrificios... Nesta transmisión de información é habitual que apareza algún/ha especialista cunha función especial nesta comunicación como chamáns, bruxos/as ou sacerdotes.

2.2.- ALGUNHASFORMAS DO RELIXIOSO

A antropoloxía cultural preocupouse dende o seu nacemento polas relixións, de feito este foi un dos seus primeiros campos de traballo. Durante moitas décadas o tema que interesaba era a análise do que se denominaban as “relixións primitivas”. Neste momento apareceron moitos termos e clasificacións coma maxia, tipos de maxia, totemismo, chamán, animismo, maná, tabú, etc, que debían servir para comprender estes fenómenos. Hoxe seguen a interesar estas mostras, pero tamén moitos outros fenómenos.

2.2.1.- O ANIMISMO

Os antropólogos/as do XIX defenderon unha visión da relixión asociada ao paradigma evolucionista que dominou neste período. Un dos antropólogos que máis se preocupou do asunto da relixión foi Tylor. Tylor propuxo que a relixión pasara na súa evolución polas etapas de: animismo, politeísmo e monoteísmo,

da forma menos abstracta á máis abstracta. O animismo é a crenza de que dentro do corpos visible hai un ser invisible: a alma. En todo o mundo crese que as almas aparécense en soños, trances, visións, sombras... Tylor pensaba que esta idea básica de alma debeuse inventar para explicar calquera fenómeno enigmático: os fenómenos metereolóxicos, os acontecementos da vida, o éxito da colleita, podía ser explicado pola aparición dunha alma. Tylor pensaba tamén que a relixión aparecera para explicar o que a xente non comprendía, polo que comezaría a declinar a medida que a ciencia ofrecera mellores explicacións dos feitos. En parte tivo razón, as explicacións científicas substituíron ás explicacións relixiosas, pero a pesar diso a relixión non declinou.

2.2.2.- MANÁ E TABÚ

Ademais do animismo, e ás veces coexistindo con el, hai unha visión do sobrenatural coma un poder impersoal, unha forza que as persoas podemos controlar baixo certas condicións. Esta concepción é moi relevante en Melanesia, no Pacífico Sur, en Papúa Nova Guiné e outras illas. O maná melanesio pode residir en persoas, animais, prantas ou obxectos. É similar a nosa noción de sorte. Os obxectos con mana, os amuletos ou encantamentos, poden cambiar a sorte de alguén. O maná melanesio pódese conseguir con sorte ou traballando duro.
Os xefes destes pobos considerábanse tan cargados de mana que o contacto con eles podía ser perigoso. Posto que os altos xefes tiñan tanto maná os seus corpos e posesións podían ser tabú (separados como sagrados e fora do alcance do común dos mortais). Como consecuencia non se podía tocar os obxectos ca eles tocaban ou pisar o chan que eles pisaban, pois o mana é potencialmente perigoso se non se manexa ben.

O maná ten tamén relación coa función da relixión como busca de explicacións. As persoas fracasan na caza, na guerra, no cultivo ou no exame non porque sexan ineptos ou vagos, senón que o éxito ven (ou non ven) do mundo sobrenatural.

2.2.3.- MAXIA E RELIXIÓN

Maxia consiste no uso de técnicas “sobrenaturais” orientadas a conseguir propósitos específicos. As técnicas “naturais”, en contraposición a elas, son aquelas nas que utilizamos habilidades humanas: naturalmente movemos unha mesa coa nosa forza, aprobamos un exame estudiando... As técnicas sobrenaturais poden incluír conxuros, fórmulas e encantamentos. Utilízase maxia imitativa para producir o efecto desexado mediante a súa imitación: se se desexa ferir a alguén poden imitar o efecto sobre a imaxe da víctima. Utilízase maxia contaxiosa cando se fai algo sobre un obxecto porque algunha vez tivo contacto con esa persoa. A maxia está asociada a todas as formas relixiosas, ao animismo, ao politeísmo ou ao monoteísmo.

2.2.4.- A RELIXIÓN E OS GRANDES ESTADOS

Cando aparecen as formas políticas máis complexas, o político se centraliza e o poder aumenta a súa esfera, aparecen relixións nas que hai especialistas a tempo completo, templos monumentais,

procesións dramáticas e ritos con miles de persoas presentes. A relixión constitúese en institución forte e o poder desexa contar co seu apoio. É posible que as conexións entre poder político e relixioso sexan tan fortes que se lle asignen aos gobernantes poderes sobrenaturais ou algunha conexión cos deuses. Algúns autores relacionan a concentración do poder nunhas soas mans (coma as do rei/raíña) coa defensa da idea de que un deus supremo e creador que ten unha actitude moi activa sobre o universo, que vixía persoalmente o seu funcionamento e castiga os "pecados". A imaxe do deus realiza así a súa función explicativa da orde política: do mesmo xeito que o deus goberna o universo o rei ou a raíña deben gobernar o estado. Unha función explicativa que ten neste caso moitas outras implicacións: o poder recibe apoio e xustificación do poder central. O que acontece é que unha forma de obter conformidade do pobo é convencelo de que os deuses esixen conformidade ás normas e ao estado, e que a desobediencia non só implica o castigo da policía e o goberno senón tamén dos deuses supremos, nesta vida, e o que aínda é peor, na outra.
A figura dun Deus supremo aparece en moitas sociedades nas que non hai presencia de reis, nin xefes nin formas de centralización do poder, pero nestas acostuma a estar rodeado de outras divinidades menores coas que os fieis se relacionan; o papel do deus supremo é de inactividade unha vez creado o universo. Non é necesario aquí nin explicar nin reforzar a existencia dun poder central.

2.3.- FUNCIÓNS DA RELIXIÓN

As funcións básicas da relixión son a explicativa, a de proporcionar pautas de comportamento, a de proporcionar consolo ou alivio da ansiedade e a de facer que o grupo social se sinta unido. Ademais, como institución ou igrexa, pode ter un grande espectro de funcións sociais, políticas e económicas.

A relixión é fundamentalmente unha **cosmovisión**, unha visión do mundo. A primeira función das relixións é a explicativa. Todas as relixións parecen responder a algunhas preguntas como: como apareceu a natureza?, como apareceu o ser humano?, como apareceu a sociedade humana?, por que existe o mal, a enfermidade, a dor, a morte?. Para esta explicación unha relixión utiliza elementos sagrados e profanos que unha comunidade sacralizou, por iso, como cosmovisión a relixión é difícil de distinguir da cultura en xeral.



Nesta visión da relixión coma cosmovisión non é precisa que apareza unha institución que a defenda, non é necesaria ningunha igrexa, nin sequera poden ser necesarios especialistas que a dirixan.
A relixión serve tamén a outras necesidades psicolóxicas ademais de proporcionar explicacións. Tamén entra no dominio do **moral** proporcionando pautas morais ou de comportamento que están incluídas na súa cosmovisión. Ademais ten

funcións emocionais, como cando reducen a ansiedade con asuntos que están máis aló do control humano. Cando as persoas se enfrontan á incertidume ou ao perigo o recurso a prácticas relixiosas é habitual. Deste xeito a relixión pode axudar ás persoas a enfrontarse á morte e a superar crises vitais.

Durkheim resaltou que a relixión serve tamén á **necesidade social** de manter o grupo unido. De feito afirmou que nos ritos relixiosos son as forzas sociais, o grupo, a unión, as leis, o verdadeiramente adorado. As crenzas e as prácticas relixiosas afirman o lugar dunha persoa dentro dunha sociedade, aumentan o sentimento de comunidade e dá confianza ás persoas. Por exemplo, a explicación de Durkheim do totemismo das culturas australianas é a seguinte: nin a rata nin a ra nin ningún outro animal totémico ten en realidade poderes para que sexan considerados sagrados. Polo tanto son un símbolo. Un símbolo de que?, pois dado que os aborixes australianos se organizan en clans e que cada clan ten o seu animal totémico, Durkheim pensa que é á propia forza que une ao clan, á sociedade, á propia cohesión social a que é adorada realmente en calquera culto relixioso do tótem. En realidade en calquera ritual comunitario o sentimento de forza unida, de estar con outras persoas ás que nos consideramos unidas, está presente.

2.4.- OUTRAS FUNCIÓNS: A INSTITUCIONALIZACIÓN

Como institución unha relixión pode cumprir unha diversidade de funcións económicas e políticas. Unha igrexa pode ter a función de exercer o **control social**. Este control establécese a través de crenzas éticas e morais, xunto con recompensas e castigos reais e imaxinados, que son interiorizados polos individuos. Se as persoas con crenzas interiorizan o seu sistema de recompensas e castigos relixiosos, a relixión convértese nun poderoso medio de control dos seus comportamentos. Na relixión católica a idea do pecado co sentimento de culpa asociado é exemplo dista función.

As **funcións económicas** dunha institución relixiosa (coma unha igrexa) poden conducila a converterse nun axente económico de primeiro orde. Tamén pode exercer o poder ou influír poderosamente nel. Cando a institución relixiosa é un **axente político**, ou está asociado ao un axente político, a través destas crenzas é moito máis fácil conseguir apoio para as propias políticas. Unha das formas é mediante a persuasión, outra inculcando temor, ou odio. Tomemos o exemplo das acusacións de bruxería. As cazas de bruxas poden ser un medio poderoso de control social porque crean un clima de inseguridade e

perigo que afecta a todos/as, non so ás persoas con posibilidades de ser acusados. Ninguén quere parecer desviado/a, ser acusado de bruxo/a. Nas sociedades estatais, como na Europa dos séculos XV a XVII, cando se intensifica a caza de bruxas, a acusación diríxese cara persoas que poden ser castigadas sen a máis mínima posibilidade de defensa.

Tamén pode, como institución, **enfrontarse ao poder**. Ás veces ese poder ao que se enfrontan é a propia igrexa na que se está contido. Algunhas ordes relixiosas foron tidas na historia do cristianismo como herexías. Unha **herexía** era un grupo de crentes que discrepaba dalgún asunto da doutrina respecto do pensamento que se acabou instaurando coma oficial.

Isto é o que aconteceu co **priscilianismo**. No século IV Prisciliano predicou a súa doutrina de pobreza e da igualdade instando á igrexa a que abandonara a súa opulencia e se volvera situar do lado do pobres e dando unha grande liberdade e protagonismo ás mulleres. A igrexa condenou sucesivamente as súas doutrinas, sen conseguir evitar que se estenderan moi rapidamente por Galicia, por toda a Hispania e por outros lugares. No século V é prohibido como herexía, hai condenas a moitos priscilianistas, a pesar do cal moitos deles continúan asociados coma organización secreta. Segundo moitos autores son os seus restos os que repousan na catedral de Santiago e a igrexa tivo que idear o mito de Santiago para tentar borrar a memoria do bispo herexe.

Ao tempo que un grupo se enfronta á súa igrexa, pode enfrontarse a outras esferas de poder político ou económico, como a "**teoloxía da liberación**". Este movemento relixioso naceu dentro da igrexa católica de sudamérica nos anos 60 do século XX. Entre os seus postulados estaba a crítica da situación de inxustiza, da pobreza, da explotación ou do poder político despótico e a súa situación sempre do lado dos/as débiles, dos castigados/as. Polas súas teses e accións os seus membros foron ás veces represaliados e algúns tiveron tamén enfrontamentos coas xerarquías da igrexa.



Ás veces este enfrontamento non ten ningunha relación cunha institución relixiosa senón con outros grupos sociais. É o que aconteceu nos **procesos de revitalización**. Ante as tensións do colonialismo ou en condicións de intensa explotación de clases ou de minorías as relixións tenderon a converterse en movementos que pretendían lograr unha mellora nas condicións de vida, nesta vida e tamén na vida futura. A revitalización consiste no proceso de oposición dun grupo dominado ao grupo

dominador onde se utilizan elementos e fundamentos relixiosos. Algúns movementos deste tipo insistiron na actitude pasiva e non violenta e na salvación como recompensa, outros defenderon unha actitude máis agresiva. Estas diferencias reflicten fundamentalmente o grao en que os grupos dominantes están preparados para facer fronte ao seu desafío. Un exemplo deste tipo de movementos foi a Danza dos Espíritos dos indios americanos que naceu a finais do XIX e se estendeu entre varios pobos da zona Oeste.

2.5.- OS MITOS

Os mitos encerran a concepción do mundo dunha cultura, expresan polo tanto aspectos fundamentais da súa cosmovisión. Explican as orixes de especies de plantas e animais, incluíndo aos seres humanos, as diferencias entre os seres humanos, a organización social.... Falan da orixe do mundo e de lugares xeográficos concretos. En pequenos mitos escóndese profundas visións filosóficas e morais sobre o mundo. En primeiro lugar un mito é un relato, pero moi especial, porque permite que todos os aspectos da vida se mesturen. Ademais os mitos son importantes porque os individuos rexen as súas vidas segundo o estilo e os significados resumidos neles. A forma en que un pobo sen escritura, nin cine nin televisión pode preservar e utilizar os seus mitos é contándoos e representándoos. Isto é o que acontece nos rituais, dos que falaremos a continuación.

A análise dos mitos é un dos temas máis polémicos da antropoloxía cultural. Un dos autores máis destacado neste campo é Lévi-Strauss (1908-2009) que considerou que nos mitos acontece a miúdo unha oposición binaria: ben/mal, home/muller, alto/baixo... que explica o mundo. Segundo Lévi-Strauss esta forma de pensamento, o binario, é universal, e uns mitos poden ser transformados noutros de culturas moi diferentes a través de substitucións simples do tipo cambiar ao home pola muller, etc.

Para comprendelos adoitoise diferenciar:

- O contido do mito, que ten que ver sobre todo cos sucesos que proveñen do comezo dos tempos e tratan da creación da natureza e da cultura.

- A forma, que é de relato, a mesma historia pode ter a forma de drama ritual, de icono, de sermóns ou de danzas.

- A función, que é proporcionar explicacións como comprender as relacións humanas, as relacións da humanidade co resto da natureza, explicar os sucesos da natureza...

- O contexto, xa que o mito é utilizado moitas veces en contextos rituais, aínda que pode aparecer en outros momentos da vida.

Moitas veces os mitos son relatos de deuses. Os tiv contan un mito moi breve de cómo chegou a aparecer o mundo. Nun principio Deus (Aondo) fixo a Terra e todo o que hai nela, o mundo era bo e non contiña o mal. O mal entrou no

mundo coas intencións ocultas das persoas malas. Os tiv nunca rezan a Aondo, Aondo sempre está desocupado ou descansando. Pero sabe todo o que pasa no mundo, de feito é o único que coñece moitas cousas. Non precisan do diaño nin de ningún outro ser para explicar o mal, o mal está nos humanos. Neste breve mito reflíctense toda unha serie de visións e actitudes cara os veciños e parentes que son os causantes do mal en caso de producirse.



En contraposición os daiakos de Borneo contan o seguinte mito complicadísimo: o cosmos comezou na boca dunha serpe de auga. Logo apareceron dúas montañas, do choque das dúas montañas empezou a emerxer a realidade cósmica: o sol, a lúa, as nubes, as montañas, todo xurdiu do conflicto entre aquelas dúas montañas. Dúas deidades habitan naquelas montañas e ás veces adquiren forma humana como Mahatala e a súa esposa Puhir. Con forma humana as deidades crearon dous mundos, un mundo superior e un inframundo, aínda non existía o mundo intermedio da xente. Na seguinte fase da creación as deidades tomaron forma de paxaros, un deles crea a árbore da vida no centro de todo. Mahatala e Puhir en forma de paxaro comezan a loitar na árbore e este queda danado. Da árbore e do seu musgo aparecen un mozo e unha moza, os antepasados de todos os daiakos.

Dentro desta narración ocúltanse tamén profundas suposicións. No mito móstranse os símbolos da vida: a serpe de auga, o árbore da vida, e tamén o conflicto: dúas montañas en conflicto, dúas persoas en conflicto, dous paxaros en conflicto e como a vida e o conflicto deben ser medidos. A cerimonia do matrimonio daiako é unha repetición do mito: a parella suxeita a árbore da vida sinalando que pode ser destruído pola violencia entre eles. Do mesmo xeito o mito ou partes del repítense en moitas cerimonias e rituais.

2.6.- O RITUAL

Un ritual é a execución ou a renovación dun mito. O ritual é un drama representado, que pode ter por propósito curar a unha persoa enferma, conmemorar un suceso do ciclo vital dun individuo ou do grupo social ou recoñecer o paso das estacións, de agradecer algunha fortuna na vida, coma as colleitas.... Como o ritual é executado, feito, dicimos que é representado.
O ritual distínguese doutros comportamentos en que:

- Son formais, teñen momentos estereotipados que se repiten da mesma forma.
- As persoas os realizan a miúdo en lugares especiais (lugares "sagrados") e en momentos determinados (días do ano concretos ou momentos do día determinados)
- Teñen ordes litúrxicas, ordenacións, hai secuencias de palabras e accións inventadas antes da representación que se realizan.
- Fronte aos actores/actrices do teatro que representan un papel, os participantes do ritual "van en serio" crense o seu papel.
- Son actos sociais, algúns participantes estarán máis entregados que outros, pero polo feito de tomar parte dun acto público conxunto, os participantes sinalan que aceptan unha orde social e moral común que vai máis aló do seu status coma individuos.

Hai rituais de consenso, nos que a cosmovisión implícita é de mostrar acordo cun certo orde das cousas, hai rituais de confrontación, nos que esta visión do mundo compartida se enfronta a outra que é socialmente recoñecible. Hai rituais de paso, que marcan a transición como os momentos da vida dos individuos (o nacemento, o paso da infancia á idade adulta, o matrimonio, a morte) e tamén moitos outros cambios. Nestes nos concentraremos, porque tamén é os que historicamente a antropoloxía cultural estudiou máis profundamente.

Nos ritos de paso hai tres momentos: primeiro prodúcese unha separación da orde común da vida: apártase á persoa do seu estatuto de persoa normal, xa que a persoa debe deixar a súa identidade anterior (neno, por exemplo) e pasar a ocupar a súa nova posición (adulto).

A continuación ven un momento de transición ou de marxe, onde non rexen as necesidades e normas da vida diaria, é unha situación entre o vello papel e o novo. Esta fase denomínase liminaridade e é a que máis ten interesado. Nas situacións de liminaridade as persoas están situadas fóra das relacións sociais normais. Na terceira fase prodúcese a integración: a persoa renace na súa nova identidade ou estatuto. A Pascua cristiá segue este esquema de forma

moi clara. Isto acontece tamén moi claramente nos rituais asociados á morte (o difunto/a debe ser incorporado ao outro mundo), ou nos de paso á vida adulta, na que os mozos/as son apartados da vida social a través dalgún procedemento para ser logo incorporados como adultos mozos.

Un aspecto moi importante dos ritos é a communitas, un intenso espírito comunitario, un sentimento de gran solidariedade, igualdade e proximidade social. Esta acontece no momento da liminaridade. Nestas situacións as distincións sociais que noutros lados son importantes ou que vaian a darse despois esquécense temporalmente. Os participantes séntense unidos e compartindo.

Entre os indios das chairas, para pasar ao estado de home adulto, separábase temporalmente ao mozo da sociedade. Tras un período de illamento na natureza, con frecuencia acompañado de xaxún, o mozo vería unha visión que se convertería no seu espírito gardián. Daquela volvería á súa comunidade como adulto. Nas culturas contemporáneas os ritos de transición inclúen bautismos, confirmacións, bar e bat mitzvahs (na relixión xudía) e as novatadas. En xeral hai rito de transición sempre que hai cambios de status social, como de mozo/a a adulto/a ou de novato a veterano/a. Tamén hai ritos no mundo empresarial, porque un rito de transición pode sinalar calquera cambio de lugar, condición, posición social ou idade.

2.7.- A DESACRALIZACIÓN RECENTE

Dende o Renacemento vivimos en Occidente un proceso coñecido coma desacralización. En relación á cultura relixiosa máis potente neste espacio, o Cristianismo, este proceso veu a significar a desaparición da influencia da relixión en numerosos aspectos da vida dos individuos e, teoricamente ao menos, tamén da esfera social e política. A relixión converteuse nun asunto privado que ocupa un certo tempo da vida tendendo ao longo dos séculos que nos separan do Renacemento a perder peso nas nosas vidas. Dende este momento filósofos e intelectuais reclaman a non participación da Igrexa en asuntos públicos, a conversión da relixiosidade nun puro asunto persoal que cada un arranxa privadamente na súa casa ou dentro dun templo.

Como producto intelectual esta corrente derivou na formulación do ateísmo moderno, que conta entre algún dos seus máximos representantes con Freud, Marx e Nietzsche. Marx (XIX) criticou que a igrexa fora unha forma de dominación sobre o pobo, e que este se deixara manipular pola necesidade de consolo e de alivio ante unhas condicións de vida duras e mesmo humanamente non soportables como acontecía cos proletarios do XIX. Nietzsche (XIX) afirmou "Deus morreu" expresando que en occidente deixaramos de crer en deus, que xa non significaba nada ou nada importante nas nosas vidas. Freud (principios do XX) considerou que a crenza relixiosa era unha neurose ou enfermidade mental e que na crenza dun deus todopoderoso móstranse os riscos da conducta infantil de medo-adoración ao pai autoritario propia só de nenos (Freud).

Con todo, e a pesar do dito, a antropoloxía cultural defendeu que o relixioso, como tendencia a separar un ámbito especial, o sagrado, non desapareceu das nosas vidas, senón que tendeu a buscar outras formas de expresión.

2.8.- AS FORMAS RELIXIOSAS ACTUAIS

Moitos dos nosos comportamentos cotiáns mostran novas formas de aparición do sagrado ou do relixioso nos ámbitos da vida profana: na música, no deporte, no culto ao corpo, no turismo...

A MÚSICA

A través da música, e doutros elementos, pódese formar un público cuns gustos, uns modos de comportamento, unha forma de vestir e outras afinidades. A música é o elemento de convocatoria a través do que se difunde un estilo de vida. Os medios de comunicación e as redes comerciais estenden esta "visión do mundo". Un concerto mostra os elementos do ritual: o público vaise situando unha explanada ou un estadio, con anterioridade, moita xente vestida cunha indumentaria propia da celebración. Na recepción do ídolo aparece a emoción colectiva, as luces, os efectos acústicos, as palmas, o baile, van exaltando ao público.

O culto serve tamén como medio para expresar unha identidade colectiva. O rock, por exemplo, foi o vehículo expresivo contestatario da busca de autonomía da

mocidade dos anos 50. Hai un estilo de vida, unha forma de realizarse e de ser, as estrelas son alguén, os mitos, os ídolos, desmarcáronse desta sociedade consumista e viven doutro xeito que é admirado polo seu público.
O obxecto de culto, ao final é o grupo mesmo. A música exalta a religación mesma, a proximidade, o reagrupamento, a cohesión, aínda que esta sexa puntual: estar xuntos e participar, comulgar en algo común. Esta sensación non ten por que ser moi profunda, estar xuntos fisicamente, aplaudir ao mesmo tempo, exaltarse co mesmo ritmo, o importante é estar cerca e sentir emocións semellantes, ter a sensación de que se forma unha soa cousa co resto das persoas.

O DEPORTE

O xogo foi sempre unha forma de romper coas cadeas do traballo, do obrigatorio, do cotián. Xogan os/as nenas, que non teñen o seu tempo dividido entre as obrigacións e a festa, sempre é festa para eles. Cando xogamos como adultos estamos ensaiando ou imitando un estado liberado de preocupacións, de obrigas e do desagradable, realiza o que a realidade debería ser sempre: esforzo xeneroso, competividade xusta, respecto polas regras de comportamento...

Tanto na práctica coma no espectáculo do deporte hai moitos rituais asociados. Téñense atopado semellanzas, por exemplo, entre un partido de fútbol e unha celebración relixiosa: 23 oficiantes sobre o céspede dun estadio baixo as luces e ante a atenta e participativa mirada do público multitudinario que aplaude, berra, clama... As semellanzas esténdense aos preliminares da cerimonia: o apartamento dos xogadores que ven acompañada dunha “purificación”, as colas do público para conseguir entrada e para acceder ao estadio ataviados para a ocasión...

CULTO AO CORPO

O corpo é obxecto de culto en moitos sentidos para a cultura contemporánea. Atendamos só a un deles: a comercialización ou o consumismo que fixo do corpo un dos seus obxectivos. O coidado do corpo percorre a educación, a arte, o deporte, a saúde, a dietética...A maquillaxe, o “manterse en forma”, os cosméticos, as operacións de cirurxía estética, aparecen nun horizonte de ocultación do paso do tempo e de culto á beleza pola vía corporal: o home ou a muller, prototipo da virilidade ou da feminidade dotados dun atractivo máxico, capaz de provocar a admiración e o rendimento dos outros. Ao redor do corpo,

das atencións e coidados, de rituais e preocupacións que lle adicamos o corpo é dalgún xeito sacralizado.

Ademais destas mostras de "relixiosidade profana" a antropoloxía cultural ten estudiado como as relixións civís teñen importancia nas nosas vidas (actos políticos, por exemplo). Isto non significa que as relixións, grandes e pequenas, perdan peso. Isto é outro tema, coma saberás o contexto de desacralización non é contrario ao feito de que as grandes relixións non decrezan no seu número de fieis declarados ou censados dalgún xeito, e mesmo que algunhas, coma o Islam, medren de ano a ano. A desacralización refírese ao feito de que a presencia da relixión dominante en Europa, o Cristianismo, faise máis puntual nas vidas dos individuos.

Ten en conta, por outra parte, que estas análises feitas pola antropoloxía destas mostras de ritualización dos nosos comportamentos e doutras moitas que non citamos neste tema, non son en absoluto unha crítica a estas prácticas. Trátase máis ben de ver e comprender que para nós segue a haber cousas que son máis "sagradas", que significan máis, que nos entregamos a elas e que nelas nos sentimos unidos aos demais, nos separamos do noso ritmo cotián e temos novas experiencias cargadas de significados.